

# BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

Nº 54-Xuño de 2021

## CONTIDO

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS.....	1
CURSOS .....	1
CONVOCATORIAS.....	2
CONGRESOS.....	5
INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE.....	7
RECURSOS SOBRE A COVID-19.....	11
AXENDA.....	13
NOVAS DO DUVI.....	14
NOVAS ADQUISICIÓNBS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (ABRIL DE 2021).....	15

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

### CURSOS

**Liñas de acción para superar os nesgos de sexo e de xénero existentes en ciencia. 16 de xuño de 2021. Con Londa Schiebinger e Catherine d'Ignazio.** [+Info](#)

**XVI Curso «Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0»** [+Info](#)

Curso de verán coorganizado e cofinanciado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, e pola Universidade de Santiago, a través do Instituto de Ciencias da Educación. Nel trataranse aspectos, contidos e problemáticas de grande interese no momento actual e intervirán profesionais e destacadas expertas e expertos que traballan cara á igualdade de oportunidades, cun enfoque multidisciplinar e desde diferentes ámbitos de actuación no territorio nacional e internacional, con universidades, institutos, administracións, asociacións, fundacións, empresas etc.

Do 12 ao 16 de xullo de 2021.

**Escola de verán GE Academy coorganizada coa Technological University of Dublin.** [+Info](#)

Esta escola de verán é unha acción colaborativa da GE Academy xunto coa Technological University of Dublin. Ten por obxecto prover os participantes de estudos superiores e as institucións investigadoras con coñecemento avanzado, enfoques e ferramentas de deseño, implementación, monitorización e avaliación dos plans de igualdade de xénero, con especial atención no desafío da interseccionalidade. Inclúe unha conferencia sobre a Athena Swan e unha serie de seminarios, obradoiros e mesas redondas.

Do 14 ao 18 de xuño.

Prazo de inscrición: ata o 26 de abril.

**ONU Mulleres Centro de Capacitación**  
[+Info](#)

Cursos dispoñibles todo o ano en diferentes modalidades: autoaprendizaxe, moderado, semipresencial, presencial e personalizado.

**Femicidio.net** [+Info](#)

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

**StandUp** [+Info](#)

StandUp é un programa de formación e de concienciación en contra do acoso na rúa, desenvolvido por L'Oréal en colaboración coa ONG Hollaback! e a Fundación Mujeres. Presenta a metodoloxía das 5D, que ofrece as ferramentas para axudar a intervir de forma segura cando se experimentan ou se presencian situacións de acoso en espazos públicos.

Trátase dun obradoiro dunha hora de duración e gratuíto, a través do cal se darán a coñecer un conxunto de ferramentas claras, adaptables e probadas por persoas expertas que demostraron reducir a prevalencia do acoso da rúa.

Datas: 24 de abril, 7 de maio, 17 de maio ou 28 de maio de 2021.

**Centro de Documentación e Recursos Feministas Laboratorio de lectura e escritura** [+Info](#)

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo organiza unha serie de actividades dirixidas ás mulleres en formato virtual no Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo. As actividades son gratuítas e as prazas limitadas ([centro.documentacion.feminista@vigo.org](mailto:centro.documentacion.feminista@vigo.org)):

-Laboratorio de lectura e de escritura: obradoiro que consiste na lectura e no comentario de textos literarios

escritos por mulleres. As participantes escribirán pequenos relatos para ver e comentar en grupo. Os xoves, do 6 de maio ao 24 de xuño de 2021, de 18.00 a 20.00 h, a través da plataforma Google Meet.

-Curso de edición en Wikipedia II: curso para dotar as mulleres de recursos que as animen a colaborar regularmente na Wikipedia. Os días 5, 12 e 19 de maio de 2021, de 18.00 a 20.00 h, a través da plataforma Google Meet.

-Obradoiro de competencias dixitais básicas. Os luns, do 5 de abril ao 14 de xuño, agás o 17 de maio (modalidade presencial).

-Curso de formación en igualdade para monitorado de animación sociocultural e de ocio e tempo libre. Os días 19, 20 e 21 e 26, 27 e 28 de abril en liña.

-Escola feminista de empoderamento: creando sororidade. Os xoves, do 15 de abril ao 17 de xuño, en liña.

### **Sesión informativa «Lo que siempre se quiso saber y preguntar sobre MenEngage Iberia y la Agenda Feminista sobre Hombres y Mujeres» [+Info](#)**

O Observatorio de las Masculinidades da Universidad Miguel Hernández de Elche organiza unha sesión informativa sobre MenEngage Iberia e o seu proxecto Agenda Feminista sobre Hombres y Masculinidades.

O 29 de abril de 2021, ás 19.00 h, en liña a través de Google Meet.

### **Cursos da Escola Abolicionista Internacional [+Info](#)**

«Geoviolencia sexual», un proxecto asociado a Feminicidio.net, ten como obxectivo central poñer en primeiro plano as violencias sexuais na loita pola erradicación das violencias machistas. Nesta liña nace a Escola Abolicionista Internacional, en colaboración coa Coalición pola Abolición da Prostitución, o Ajuntament de Santa Coloma de Gramenet e Rescue Freedom International, que oferta unha serie de cursos en liña de temáticas relacionadas coa pornografia e prostitución:

- A orixe da pornografia e a pornificación da cultura.

21 de abril de 2021(gratuíto) [+Info](#)

-Pornografía: unha escola de violencia.

Do 21 de abril ao 21 de maio [+Info](#)

-Abolicionismo para principiantes.

Do 19 de abril ao 16 de xuño (gratuíto) [+Info](#)

### **Curso «Educar para la igualdad. El único camino» [+Info](#)**

A Universidad Pablo de Olavide convoca este curso de verán coa colaboración da Fundación Cajasol, a Consejería de Igualdad, Políticas Sociales y Conciliación da Junta de Andalucía e Clásicas y Modernas. Ten por obxecto reunir todos os axentes sociais implicados na educación para debater sobre a forma máis eficaz de educar para a igualdade.

Diríxese ao estudiantado e ao profesorado universitario de distintas disciplinas, axentes de igualdade, responsables políticos, axentes sociais, activistas e participantes en movementos sociais

Do 5 ao 7 de xullo de 2021. Modalidade dual (presencial e en liña).

## **CONVOCATORIAS**

### **II Premios ao Novo Talento Científico Feminino da Fundación Real Academia de Ciencias de España. [+Info](#)**

A Fundación Real Academia de Ciencias de España convoca a segunda edición destes premios co obxecto de axudar as mozas españolas no lanzamento e na consolidación das súas carreiras no ámbito das ciencias e da tecnoloxía. Dirixido a mulleres que realizaran achegas destacadas á ciencia, xa sexa na investigación, no desenvolvemento, na docencia ou na divulgación ou nos ámbitos académicos, empresariais ou da administración.

Prazo de presentación de candidaturas: ata o 13 de xuño de 2021.

### **Bolsas Google Women Techmakers. [+Info](#)**

## Bolsas Microsoft e NASA. [+Info](#)

Formación de cursos gratuitos sobre Python e *Machine learning* para aplicalos en tarefas relacionadas con misións espaciais.

## Bolsa polo Talento Dixital. Fundación ONCE. [+Info](#)

### Convocatoria de axudas para a organización de congresos e de seminarios. [+Info](#)

Financian a organización de congresos, de seminariose doutro tipo de actividades científicas no ámbito dos estudos de xénero.

Órgano: Instituto Universitario de Investigación de Estudos de Xénero da Universitat de Alacant.

Prazos de presentación: 1.<sup>a</sup> convocatoria ata o 9 de decembro de 2020, 2.<sup>a</sup> convocatoria ata o 15 de xuño de 2021.

### Convocatoria de proxectos de emprendemento no sector mariño-marítimo Sherpa do Mar. [+Info](#)

### Convocatoria de presentación de traballos para a revista *Asparkía Investigación Feminista*. [+Info](#)

*Asparkía Investigación Feminista* é unha revista publicada semestralmente polo Instituto Universitario de Estudios Feministas e de Xénero.

## Premio Mulleres Innovadoras 2021. [+Info](#)

O Consello Europeo de Innovación convoca este premio co obxecto de recoñecer mulleres europeas que fundaran unha empresa de éxito e levaran as súas innovacións ao mercado.

Prazo de presentación de candidaturas: ata o 30 de xuño de 2021.

## Premios WONNOW 2021. [+Info](#)

Por cuarto ano consecutivo, desde CaixaBank en colaboración con Microsof Ibérica, lánzanse estes premios para impulsar a excelencia das estudantes STEM. Trátase dun premio monetario, dunha bolsa remunerada en CaixaBank e dun programa de mentorado. [+Info](#)

Prazo de inscrición: do 10 de marzo ao 13 de xuño.

## Premios Nacionais de Innovación e de Deseño 2021 . [+Info](#)

O Ministerio de Ciencia e Innovación convoca estos premios co obxecto de recoñecer e de apoiar o labor dos profesionais, das empresas e das entidades que concibiran e impulsaran a actividade innovadora como vehículo fundamental para alcanzar altas cotas de competitividade nos mercados nacionais e internacionais, e a aqueles que se distinguiran pola súa excelente contribución ao desenvolvemento do deseño español e ao incremento do seu prestixio.

Prazo de presentación de candidaturas: ata o 8 de xuño.

## Premios a la investigación For Women in Science 2021. [+Info](#)

O programa For Women Science de L'Oréal-UNESCO convoca estos premios co obxecto de recoñecer e de apoiar os traballos de investigación de mozas científicas en España. Concederánseles aos cinco mellores proxectos desenvolvidos por científicas españolas en 2021 nunha área das ciencias da vida.

As candidaturas deben presentarse polo organismo ou centro de investigación onde traballa a investigadora a través da web oficial do programa, entre o 7 de abril e o 7 de xuño de 2021. [+Info](#)

## Premios de Excelencia á Innovación para Mulleres Rurais. [+Info](#)

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, convoca estos premios para lle dar visibilidade ao labor desempeñado polas mulleres no noso medio rural e á súa contribución imprescindible no desenvolvemento destes territorios, coa posta en

marcha de proxectos que son moitas veces expoñentes da diversificación económica, da innovación e do emprendemento rural.

Prazo de presentación de candidaturas: ata o 4 de xuño de 2021.

## **Recrutamento do Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) [+Info](#)**

O Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) publica diferentes convocatorias de recrutamento para diversas vacantes. Convocatorias vixentes:

- *Expert Statistics*
- *Expert Gender Mainstreaming*

## **Financiamento para proxectos de corresponsabilidade e de coidados [+Info](#)**

O acordo de colaboración entre o Instituto da Muller e a FEMP para 2020 contará cunha dotación de 300.000 € e diríxese a concellos, deputacións, cabildos, consellos insulares e agrupacións de municipios.

## **Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade da Xunta de Galicia 2021.**

Axudas periódicas para mulleres que sufren violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres víctimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. [+Info](#)

## **Wikipedia: encontros/cuarto propio en Wikipedia/Reto 2021. [+Info](#)**

## **GIRA Mulleres. Itinerario formativo Quero Emprender [+Info](#)**

A Fundación Mujeres xunto con Coca Cola, convoca a segunda convocatoria de formación para a quinta edición do proxecto GIRA Mujeres. Este ten por obxecto impulsar o emprendemento para as mulleres mediante un proceso de formación e de acompañamento para a posta en marcha, no seu caso, dunha idea de negocio.

O itinerario formativo «Quero emprender» está dirixido a mulleres de entre 18 e 60 anos que ven o emprendemento coma unha alternativa ao emprego por conta alrea e que teñen unha idea de negocio áinda sen desenvolver. A formación é en liña e gratuita.

Prazo de inscrición: ata xuño de 2021.

## **Programa de mentorado Feminist Leadership in Science. FECYT. [+Info](#)**

A Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) acaba de poñer en marcha o programa de mentorado Feminist Leadership in Science (FELISE).Este programa, que se desenvolve no marco do proxecto europeo Gearing Roles, pon en contacto investigadoras novas con outras más sénior para apoiar o seu desenvolvemento profesional e reflexionar conjuntamente sobre os cambios institucionais necesarios para lograr a igualdade de xénero na investigación e no ensino.

## **Título de especialista universitario en masculinidades, xénero e igualdade. [+Info](#)**

Segunda edición da titulación en modalidade en liña da Universidad Miguel Hernández de Elche. Preténdese formar, analizar e reflexionar sobre os diferentes estudos e as investigacións levadas a cabo sobre os homes e as masculinidades e a súa relación

e implicación na consecución da igualdade de xénero.

Prazo de preinscrición: do 1 de maio ao 30 de setembro. Pazo de matrícula: do 15 de maio ao 30 de setembro.

## CONGRESOS

### VII Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGeX). Desigualdades de xénero en tempos de covid. [+Info](#)

As oficinas de igualdade das universidades galegas organizan un punto de encontro e de reflexión para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero. Nesta séptima edición céntrase en visibilizar o impacto da actual crise sanitaria, social e económica nos ámbitos da violencia de xénero e da traxectoria investigadora das mulleres, así como a importancia da apostha por unha docencia universitaria con perspectiva de xénero.

Os días 10 e 11 de xuño en liña.

### I Congreso Internacional de Xénero e Educación. [+Info](#)

Este congreso supón a creación dun espazo de encontro internacional para compartir experiencias e [+Info](#).

Combínanse actividades en varios formatos: conferencias plenarias maxistrais, talleres prácticos, comunicacións procedentes de investigacións e experiencias e unha feira de artesás.

Os días 7, 8 e 9 de xuño de 2021 en liña (4 horas) ou presencial no campus universitario Duques de Soria (30 horas).

Prazo presentación de comunicacións: do 1 de marzo ao 16 de maio.

Organiza: a Universidad de Valladolid co apoio do Concello de Soria e do Ministerio de Igualdade.

### European Platform of Women Scientists. [+Info](#)

Esta plataforma ofrece unha sección mensual con información de eventos e de acontecementos de interese para a comunidade de mulleres científicas.

### Exposición virtual eXXperimenta en feminino. [+Info](#)

O seu obxectivo é promover a realización de actividades que lle dean visibilidade á muller científica e impulsen o interese das nenas pola ciencia e pola tecnoloxía

### XI Congreso Europeo de Igualdade de Xénero na Educación Superior. [+Info](#)

Os ministerios de Ciencia e Innovación e de Universidades en colaboración coa Universidade Politécnica de Madrid e co apoio da Rede Europea de GEHE organizan este congreso dirixido a investigadores, profesores, administrativos, políticos, practicantes e estudiantes.

O evento terá lugar en liña do 15 ao 17 de setembro de 2021.

### Congreso Internacional «Las Puertas de mi reino. Escrituras del cuerpo en las poetas españolas contemporáneas» (1900-1968). [+Info](#)

A Universitat de Alacant enmarca este congreso na poesía española contemporánea escrita por mulleres entre 1900 e 1968. Propón un espazo de encontro e de diálogo entre todas aquelas liñas de investigación que se están desenvolvendo na actualidade neste eido de estudo.

O congreso terá lugar os días 20, 21 e 22 de outubro de 2021 en modalidade dual na Universitat de Alacant e en liña.

Prazo para o envío de comunicacións: ata o 1 de xuño, por correo electrónico a [laspuertasdemireno@gmail.com](mailto:laspuertasdemireno@gmail.com).

Prazo de presentación de comunicacións: ata o 30 de abril.

## VI Congreso Internacional de Xoves Investigadorxs con Perspectiva de Xénero [+Info](#)

O Instituto de Xénero organiza este congreso co obxecto de achegar un foro común no que se trate a situación actual da investigación científica con perspectiva de xénero, á vez que pretende fomentar o interese e a divulgación sobre estes temas nas diferentes áreas de coñecemento.

Prazo para remitir os resumos: ata o 15 de maio de 2021.

O evento terá lugar en liña do 16 ao 18 de xuño de 2021.

## VI Congreso Internacional «Las Mujeres y la (des)igualdad de oportunidades: análisis feminista de las injusticias estructurales y las tensiones coyunturales». [+Info](#)

O equipo do Seminario de Teoría Crítica do Instituto de Dereitos Humanos Gregorio Peces-Barba da Universidad Carlos III de Madrid organiza este congreso co patrocinio do Instituto das Mulleres e da Igualdade de Oportunidades. Ten por obxecto avanzar na construcción dunha teoría que alume praxes emancipadoras, potenciando a igualdade de oportunidades das mulleres na participación política, social, cultural e económica, no fortalecemento da saúde integral e da saúde sexual e reprodutiva, e na igualdade no emprego e nas oportunidades laborais, vinculadas tamén á corresponsabilidade fronte ao doméstico e ás tarefas de coidados.

Prazo de envío de comunicacóns: ata o 14 de xuño.

O evento terá lugar os días 13 e 14 de outubro de 2021, no campus Puerta Toledo da Universidad Carlos III de Madrid.

## INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE

---

**Colección de once guías docentes con perspectiva de xénero traducidas ao galego.** [+Info](#)

Colección de once guías temáticas promovida e editada orixinalmente en catalán pola Xarxa Vives d'Universitats e trasladada á lingua galega. As temáticas das guías son as seguintes: ciencias da computación, o dereito e a criminoloxía, a educación e a pedagogía, a filoloxía e a lingüística, a filosofía, a física, a historia, a historia da arte, a medicina, a psicoloxía e a socioloxía, a economía e a ciencia política.

**O Consello de Ministros aproba o Plan Corresponsables con 190 millóns de euros para a conciliación das familias.** [+Info](#)

**Europe fit for the Digital Age: Comision proposes new rules and actions for excellence and trust in Artificial Intelligence.** [+Info](#)

**Guía de política exterior feminista. Ministerio de Asuntos Exteriores** [+Info](#)

O Ministerio de Asuntos Exteriores presenta unha guía de política exterior feminista, co fin de contribuír coa súa política exterior a avanzar de cara á igualdade real e efectiva no ámbito internacional.

**Estudo «La situación de la violencia contra las mujeres en la adolescencia en España».** [+Info](#)

Os ministerios de Educación e Formación Profesional e de Igualdade presentan este estudio que reflicte o incremento da violencia sexual sobre as mozas adolescentes. O obxecto do traballo é coñecer a situación actual de violencia contra as mulleres na adolescencia en España, así como as condicións de risco e protección fronte a dita violencia e a evolución detectada ao

comparar os resultados obtidos en 2020 cos de estudos anteriores.

**Declaración da directora executiva de ONU Mujeres, Phumzile Mlambo-Ngcuka, sobre o Día Internacional da Muller 2021.** [+Info](#)

**The State of Women in Tech 2020.** [+Info](#)

**Artigo «¿Por qué es importante que haya más mujeres astronautas?».** [+Info](#)

**Informe de las condiciones de vida y trabajo en el desarrollo de videojuegos en España.** [+Info](#)

Estudo realizado por Game Workers Unite co fin de analizar a discriminación e o acoso no ambiente laboral na industria do videoxogo, baseándose nos resultados dunha enquisa realizada en xuño de 2020.

**Estudio «El emprendimiento digital femenino en España: situación y proyección».** [+Info](#)

Estudo realizado polo Instituto da Muller coa colaboración da Real Academia de Enxeñaría, Ontsi, Red.es e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Digital. O obxecto do traballo é analizar o emprendemento tecnolóxico das mulleres, polo que busca ilustrar o estado no que se atopa en España tratando de coñecer as características sociodemográficas e económico-financeiras das mulleres, as súas motivacións para o emprendemento e as principais barreiras e retos aos que se enfrentan.

**«Estudio sobre la situación de las jóvenes investigadoras en España».** [+Info](#)

Trátase dun estudo realizado polo Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación (OMCI), adscrito ao Ministerio de Ciencia e Innovación. O seu obxectivo xeral é coñecer a situación das mozas investigadoras en España nos sectores público e privado, a partir da identificación das situacións de desigualdade de xénero e dos eidos nos

que se producen, afondando nas causas e nos factores que expliquen as devanditas desigualdades, así como do coñecemento da percepción e da opinión de investigadoras e investigadores mozos, con respecto a estas situacións de desigualdade detectadas. A partir de todo isto, realiza recomendacións que sirvan de base para deseñar políticas públicas que permita tratalas, previlas e eliminarlas.

**Informe «Fenda global de xénero 2020».** Fondo Monetario Internacional. [+Info](#)

**Campaña «Sexismo: detéctao. Ponle nome. Párao».** Instituto da Muller. Consello de Europa. [+Info](#)

- Vídeo de promoción. [+Info](#)
- Páxina de Acción. [+Info](#)
- Test «Es sexista? Fai o test e comprobao!». [+Info](#)

**Informe «A sexualización das nenas na publicidade».** Instituto da Muller. [+Info](#)

**Estudo «Mujeres víctimas de violencia de género en el mundo rural»** FADEMUR. Ministerio de Igualdade. [+Info](#)

**Estudo «Menores y violencia de género».** Instituto da Muller. 2020. [+Info](#)

**Macroenquisa de violencia contra a muller con datos recollidos durante o ano 2019.** Ministerio de Igualdade. [+Info](#).

**Incorporating intersectional gender analysis into research on infectious diseases of poverty: a toolkit for healthresearchers.** [+Info](#)

**Intersectionality: A Critical Framework for STEM Equity.** [+Info](#)

**A 25 años de Beijing: os dereitos das mulleres baixo a lupa.** ONU Mulleres. [+Info](#)

**Informe «Mujeres y digitalización: de las brechas a los algoritmos».** Instituto da Muller. [+Info](#)

**Estudo «Esterotipos, roles y relaciones de género en series de TV de producción nacional».** Instituto da Muller. [+Info](#)

**The Child Penalty in Spain.** [+Info](#)

Informe con datos sobre canto lle penaliza a maternidade á muller que traballa no noso país. Os ingresos laborais das mulleres caen un 28 % cando ten fillas/os. Polo contrario, os ingresos dos homes non se ven afectados pola paternidade e incluso melloran co paso do tempo. Banco de España, 2020.

**Standing Working Group on Gender in Research and Innovation.** [+Info](#)

Consello de Europa. UE. 2020

**«Quero ser investigadora».** Unha guía para fomentar que o alumnado de secundaria coñeza referentes femininos da Universidade de Vigo [+Info](#)

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo presentou a publicación «Quero ser investigadora». Son dez pequenas historias, ao xeito dun conto, a través das que se difunden a experiencia e as vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando desde a Universidade de Vigo.

**Women in Science 2020.** Nacións Unidas. UNESCO Institute for Statistics (UIS). [+Info](#)

**Mulleres na política 2021.** ONU Mulleres. [+Info](#)

Mapa creado pola Unión Interparlamentaria (UIP) e a UN Women, que presenta a clasificación global de

mulleres en posicións executivas, de goberno e parlamentarias.

## Científicas en Cifras 2021. Ministerio de Ciencia e Innovación. [+Info](#)

Sexto informe de Científicas en Cifras, dunha serie que comezou a Unidade de Mulleres e Ciencia, publicado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Analiza a presenza das mulleres nos distintos ámbitos e niveis da ciencia en España, con especial atención á carreira investigadora en Organismos Públicos de Investigación (OPI) e en universidades.

## Mulleres e dixitalización. Das fendas dixitais aos algoritmos. [+Info](#)

Instituto da Muller e Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI) de Red.es.

## As mulleres na economía dixital en España. Traxectorias inspiradoras. [+Info](#)

Instituto da Muller e Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI) de Red.es.

## Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

No Observatorio Igualdade Emprego poderás consultar estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero entre mulleres e homes no mercado laboral e no emprendemento.

## Boletín estatístico mensual sobre violencia de xénero [+Info](#)

A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero publica información estatística mensual sobre vítimas mortais, sistema VioGén ou chamadas ao 016.

## Centro de Documentación e de Recursos Feministas (CDRF) [+Info](#)

Presentación de libros, faladoiros, espazo de traballo permanente *wikimulleres*, club de lectura, laboratorio de

lectura, cursos, actividades e consulta de libros e préstamo de libros baixo demanda. Teléfono 986 436441 e por correo electrónico:

[centro.documentación.feminista@vigo.org](mailto:centro.documentación.feminista@vigo.org)

## Opinións e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres. [+Info](#)

Estudo realizado pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

## Informe «As mulleres nas ciencias, na tecnoloxía, na enxeñaría e nas matemáticas (STEM) en América Latina e no Caribe». ONU. [+Info](#)

## Conferencia «Kate Millet, teórica feminista». [+Info](#)

Conferencia de Nora Levinton sobre a feminista Kate Millet, dentro do ciclo «Clásicas e Modernas: pioneras del siglo XX», organizado polo Servizo de Muller e Igualdade do Concello de Zaragoza, en colaboración con Clásicas y Modernas, asociación para a igualdade de xénero na cultura.

## Seguridade das Mulleres Xornalistas. [+Info](#)

Conclusións preliminares da enquisa mundial para avaliar a escala de violencia en liña dirixida ás mulleres xornalistas en todo o mundo e para axudar a identificar as solucións ao pernicioso problema.

## Informe sobre o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral en España. [+Info](#)

Estudo realizado pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero e pola Confederación Sindical de Comisións Obreras co obxecto de aportar información de mulleres que sufiran prácticas discriminatorias e violentas no ámbito laboral.

**Lei 6/2021, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 20/2011 do 21 de xullo do rexistro civil.** [+Info](#)

Entrada en vigor da lei que axiliza o trámite de cambio de apelidos para as vítimas de violencia machista e dos seus fillos e fillas, que autoriza o cambio sen necesidade de cumplir os requisitos establecidos para o resto.

**Estratexia de Igualdade de Xénero 2020-2025.** [+Info](#)

Documento europeo que enmarca a igualdade entre mulleres e homes como obxectivo fundamental da UE en todas as súas políticas coa intención de que en 2025 se logrará un progreso efectivo na configuración dunha Europa na que as mulleres e os homes, as nenas e os nenos, en toda a súa diversidade, sexan iguais, teñan liberdade para seguir o camiño que elixan na vida, desenvolvan todo o seu potencial, gocen das mesmas oportunidades para prosperar e poidan participar na sociedade europea e dirixila en pé de igualdade.

**The Value of Transfer of Knowledge in Bridging the Gender Gap in STEM.** [+Info](#)

López, Ana J.; Pereira, Dolores. 2021. *Sustainability* 2021, 13(10), 5426.

Artigo sobre coeducación e sostibilidade no ensino superior centrado na realidade da transferencia de coñecemento de investigacións e en como pode influír na fenda de xénero das áreas STEM.

**Mutual Learning Workshop on Gender.**  
[+Info](#)

